

DETER O DÍA CUNHA FLOR

(Texto de **Ánxeles Penas**. Presentación do libro o 22 de abril de 2009, na Coruña)

É un privilexio estar aquí hoxe, na culminación ou cénit –que non no remate– da traxectoria poética da voz feminina máis delicada e exquisita que produciu a literatura galega, voz de músicas silenciosas e intimistas que se esvaecen nas distancias coma un concerto en mi menor; voz de violín feita para escoitar nas outonizas fragas, cando a natureza toma tinguiduras melancólicas; voz, por outro lado, chea da plenitude do amor, aínda que se doa a miúdo da fragilidade da vida. E é que en Luz a vontade de afirmación é máis poderosa que o sentimento de impermanencia que afecta todas as cousas deste mundo e que ela sente coa hiperestesia de quen ten afinadas ata o imposible as cordas da alma, mais contra esta vivencia extrema da fugacidade ten unha arma poderosa, que é o amor. Este seu último libro, de fermosísimo título, vén dar testemuña dese seu delicado sentir que é paragonable daquel *cor gentile* que caracterizou os poetas do *dolce stil novo*, para os cales non había meta máis importante na vida que consagrara a adoración do ser amado, en que dalgún xeito viña prefigurado aquel máis alto amor que moveu aos poetas místicos e que atangueu na poesía de Petrarca e na de Dante os seus máis altos cumes. Por certo, ela identificase máis dunha vez coa amada de Dante, Beatrice, e incluso integra nun dos poemas deste libro os versos da *Divina Comedia*, nos que Dante asevera que “o amor move o sol e todas as estrelas”. Amor, polo tanto, non só humano, senón amor panteísta, amor cósmico, amor que se expresa en todas as latitudes con sentimentos parellos, pero que ten acentos singulares e especialmente refinados nas nosas cantigas de amigo.

Deter o día cunha flor vén ser coma unha autoparáfrase, unha recreación dos achados que no terreo do simbólico supuxo *Prometo a flor de loto*. Naquel libro luminoso, en que a palabra poética trataba de vencer a morte por medio do amor, estaba toda Luz e sacando luz da saudade e do desacougo. Agora, a alquitara do desapego destilou a parte de sombra que aínda podía desacougala e a dor fixo de atamor prodixioso e transformador para deixar a esencia pura do sentir, na confirmación de que o amor sempre vence a morte; así que, alén da desfeita que supón a lei da temporalidade e da perda do que amamos, está o convencemento de que hai algo eterno que permanece e de que, alén das sombras que nos asombran nesta peregrinación terreal, sempre hai un

camiño que leva aos altísimos pazos da luz. Retomar así as propias palabras baixo outro prisma, supón reescribilas nun sentido hierofánico, é dicir, sagrado. Baixo esta óptica, aínda que a lección do pasadío e da fugacidade permanece, óllase con serenidade, incluso con ánimo ledo, con aquela confuciana aceptación coa que o gran filósofo chinés afirmaba que quen queira ser feliz debe saber axeitar a súa vida a continuos cambios. Entón, podemos conseguir o imposible: deter o día cunha flor, é dicir, aprender a vivir gozosamente o instante, e ser capaces de liberarse dos “outonos feridos e das transidas memorias”, para imitar “As aves que se incendian/ no sagrado principio de voar”. Así, afirmativa e primorosamente ábrese este libro, esta flor que ten a corola feita de resplandecentes versos, de luminosos versos de vida. E que se resumirían no poema que titula “Corpo diamantino”, en que recolle os consellos da alta e depurada filosofía taoísta: “Se queres consumir o corpo diamantino/ alimenta con lume a raíz da conciencia”.

Non é casualidade que sexa Li Yuan, poeta chinesa do século XI, a que lle sirva de *alter ego* poético, pois a mesma finura e sutileza do sentir está nas dúas, a mesma experiencia gozoso-dolorosa da natureza, a nosa poeta pode experimentar a mesma saudade que Li Yuan, cando contempla unha flor que acaba de agromar na súa fiestra e dille “xa sei que non podes deter o día”. Destas verbas finais do poema de Li Yuan, quitándolles a negación, naceu o libro que agora comentamos: *Deter o día cunha flor*.

Título que nos coloca diante da arelanza do imposible, pois como deter o día se o seu signo é pasar, se hai unha lei cósmica que xa ficou selada nos versos do filósofo Heráclito de Éfeso, chamado o Escuro: “**panta rei**, todo flúe, nada permanece, non nos bañamos dúas veces no mesmo río?” E, non obstante, a poeta procura ese imposible: deter a inmensidade nada menos que cunha flor, hiperbólico paradoxo de que o máis pequeno e delicado se enfrente co inmedible, co inabarcable discorrer. Pero, aínda que nin o día, nin a flor poden durar, a palabra poética ten esa capacidade de milagre e pode sobreporse á dura lei do pasadío, pode facer agromar unha flor que non se murcha, pois a poesía leva consigo unha carga de significado que vence o tempo.

Como xa o fixo en *Prometo a flor de loto*, volve usar neste libro a metáfora da flor, porque, sendo como é unha das criaturas máis fráxiles da natureza, tamén é a máis fermosa, a máis perfecta, por iso recolle na súa dualidade este simbolismo e transmitir,

ao mesmo tempo que a idea da impermanencia e da fugacidade, a idea de centro, de espazo mandálico, de eternidade. Filla do sol e da luz, ela mesma serve de modelo do seu inmortal resplandor. Por algo os construtores das catedrais góticas colocaron na fachada principal os polícromos rosetóns. O simbolismo da flor non se esgota na dualidade básica que sinalamos, prefigura a idea de esplendor, de beleza, de perfección, pero tamén é imaxe arquetípica da alma refinada e purificada de escouras terrestres e pode ser parangonada co mítico Graal, símbolo, por certo, que tamén é usado por Luz Pozo. A flor representa a eterna renovación que, ano a ano, se produce na natureza. Nada hai máis xeneroso e máis fiel que ese estalido, esa luxuria floral coa que se adobían hortos e xardíns cando chega a primavera, esa desbordante e esplendente beleza nacida para ser efémera que, coa mesma rapidez que abrolla, desaparece. Pero, nese mesmo pasar, dá pé á noción doutras flores máis eternas, flores de luz que se cultivan no espírito e que, unha vez florecidas, xa non murchan. De aí esa imaxe tan cara a Luz: a da flor de loto, símbolo de rexeneración, e prefiguración da alma que, como o loto, ten as súas raíces somerxidas nas augas escuras, pero a súa corola ábrese esplendidamente cara ao sol nacente e florece para sempre no iluminado amor. O loto une a sombra coa luz e transforma a antítese en amoroso encontro; é curioso constatar que esta oposición luz-sombra, como un destino, vén tamén augurado no insólito e marabilloso nome da nosa poeta: LUZ-POZO. O conflito entre a luz e a escuridade, entre o de abaixo: o pozo e o de arriba: a luz, resólvese por un proceso de transformación anímica, e ten como resultado a transmutación en ave que vén imposta –dinos ela– “no sagrado principio de voar”. Así –afirma–, “conservamos a luz/e a flor de loto intactas/ o amor”. Desta maneira, as augas primordiais son placenta para un segundo nacemento, para abrollar na luz e fabricarse con ela as azas inmortais coas que medir o espazo infinito, en suma, facerse GARZA. A sombra, entón, serve a luz, a luz acepta a sombra e a antítese resólvese no AMOR, nas vodas da alma que borran toda contenda, no principio de unidade mística, nesa flor-corazón ou corazón floral, que ela nomea: “rosa de loto da unidade invisible”.

Nese estado de conciencia unitiva, que os místicos levaron ata a experiencia total, a poeta pode sentir en si a eternidade do absoluto, sentirse un microcosmos con toda a marabilla do macrocosmos no seu ser e dicirlle á súa alma: “Contempla en min o cosmos”...., pois iso son eu: “esta rosa de loto que/ devén sol e lúa e amor e liberdade....”

Mais este estado luminoso, esta flor que detén o día, non se posúe gratuitamente, conquistase despíndose de apegos, abandonando o “conflito das horas”... Pero, unha vez conquistada, ábrese para a alma, antes escurecida, “outras magnitudes/ que achegan o misterio”. A flor é entón máxico Aleph, verbo do principio, verba criadora, primeira letra do alfabeto sagrado que o encerra todo: “... as illas oceánicas/ as praias/ diamantinas... / a face de Deus...”; é un “libro de mil libros”, é a boca que todo o fala na inmovilidade eterna do océano de clara luz.

Existir, e sobre todo existir poética e sabiamente, é andar na procura dese misterio insondable, sabendo que neste noso vivir limitado andamos “nun espazo sonámbulo que se resiste ao canto” e podemos perdernos máis dunha vez no camiño. Peregrina, pois, en pos da chama que alumea no lonxe, vai a nosa poeta “descalza pola noite” na “procura do Aleph pola perfecta vía/ da luz”. Esta é a luz que a chama desde sempre e que sabe que agarda acesa “nas vidreiras altísimas” do ceo.

Aínda que o eixe temático do libro se move na epifanía da luz, a poeta sente polo mesmo con máis fonda mágoa a perda edénica, a expulsión do paraíso que non só sofre ela e toda a humanidade, senón o mesmo Deus: “Eu puiden ver a Deus inconsolable/ ás portas do xardín do Paradiso/ choraba de soidade e arelanzas”. Mesmo deixa escoar un sentir apocalíptico no alegórico poema en que fala das Pléyades, as sete estrelas fillas de Pléyone que foron desposuídas do seu reino e dos seus tesouros e perseguidas por Orión. Resume con este mito a nosa propia perda, a caída adámica, o noso máis terrible drama que expresa en conmovedores versos: “ Vin a derradeira lúa caer do ceo”, “ Vin incendiarse a terra...” “Vin as portas pechadas das órbitas celestes/ O paradiso clausurado”.

Só resta, entón, un único tesouro, tan fráxil que debe ser coidado con esmero: a alma, flor de ouro, copa ou vaso do Graal, rosa mística: “Alma miña que adensa no infinito/ flor concisa e unánime liberada do exilio/ que me leva e me enleva ...”. Pequeno, pero grandioso tesouro este, flor eternamente renovada que pode vestila e revestila de novo “...como unha túnica/ de fermosísima pel / clarividente”. Entón Luz-Li Yian é un “corazón auroral que se abre á vida” e sérvese das sombras cor acibeche e da luz laranxa como pincel para “escribir filigranas de amor”; e aínda que Li Yian lle diga á flor

ventureira da súa fiestra: “eu ben sei que non podes deter o día”, Luz sabe que si é posible, que é mesmo unha obriga, un mandado sagrado, consumirse na teima de “deter o día cunha flor”.

Nós, conmovidos polos seus versos, repetimos con ela na ladaíña do vento, a súa teimuda oración:

Vento do sur cómplice dos amantes

(...)

Pidocho por favor...detén o tempo

Detén o tempo cun hálito de nube

Detén o tempo cunha folla de neve

Detén o tempo coas palabras da chuvia

Detén o tempo cos fíos do silencio

Detén o tempo, detén o tempo, detén o tempo...